

**VALORACIÓN E IMFORME DO CRITERIO 1. A calidade artística-monumental, según a MEMORIA XUSTIFICATIVA PARA A EXPOSICIÓN DUN BELÉN MONUMENTAL DURANTE A CAMPAÑA DO NADAL 2018-19 NA CASA DAS ARTES DE VIGO.**

---

O total da valoración deste apartado (calidade artística-monumental é de 29,5 puntos) repartidos do seguinte xeito:

**1.1** “Técnicas e calidades dos materiais tradicionais empregados nas figuras e o atrezzo e complementos indispensables para conferirlle o grado de realidade imprescindible mediante o modelado, policromado e pátinas ou acabados necesarios en paisaxe, edificación e elementos vexetais: 6 puntos.”

Xustificación:

Según o descrito na proposta artística “Un Belén para el Rey: Navidad en el Alcázar”, axústase o solicitado neste punto, tanto na utilización de materiais como acabados, tomando como referencia e documentación para a realización artística obras dos pintores Murillo, Zurbarán e Velazquez, e os Presépios portugueses dos séculos XVII e XVIII o que sitúa o Belén nun contexto barroco.

**Valoración:**

**É valorado con 6 puntos de 6.**

**1.2** “A creatividade do proxecto, vincellado as propostas plásticas co contexto cultural e artístico actual, artellando a idea da materia: 6 puntos”

Xustificación:

A proposta presentada non se axusta o descrito neste punto, xa que se propón un **“acercamiento a la celebración de la Navidad en la corte de Madrid bajo el reinado de Felipe V e Isabel de Farnesio...”** situando o proxecto nun contexto histórico e cultural da corte do século XVIII, carecendo dunha proposta creativa como se solicitaba.

**Valoración:**

**É valorado con 0 puntos de 6.**

**1.3** *Deseño, elaboración e montaxe da escenografía belenística. Distribución dos elementos representados atendendo a escala sobre o espacio escenográfico para a visualización dende o recorrido expositivo: 6 puntos.*

Xustificación:

Neste punto deben diferenciarse varias partes para unha correcta valoración según o solicitado no prego de prescripción técnicas:

1- A correspondente o deseño da meseta expositiva e as medidas esixidas tanto da meseta como das figuras e ambientacións. Valorarase cun máximo de 3 puntos.

Neste caso o proxecto expositivo axústase o prego casi na totalidade menos en que non fai mención o requerimiento das esquinas en chaflán que se especifica no prego; si especifica “...en

**todo su perímetro de un pescante o escalón a modo de espinilleras que evite el contacto del público con la meseta...”,** entendendo isto como medida de seguridade. Polo que valórarse con 2 puntos de 3.

2- O deseño e elaboración dos ambientes, pasaxes e ofícios especificados no prego. Valorarase con 3 puntos.

Neste punto non se teñen en conta todas as representacións das pasaxes, ambientes e oficios que se noméan no prego, especificando algúns deles como “**escenas que completan el desarrollo narrativo en función del espacio final**”, deixando a representación así:

Pasaxes: se representarán 4 dos 9 citados (5 quedan a razón do espazo)

Ambientes e Oficios: Se representan 3 ambientes dos 15 citados no prego (8 quedan a razón do espazo). Ignorado entre eles o Oficio de cesteiro a noso parecer un dos mais importantes e representativos no Vigo do século XVIII. Polo que valórarse con 1 punto de 3.

**Valoración:**

**É valorado con 4 puntos de 6.**

**1.4 “Representación dos elementos singulares da cidade de Vigo, en canto o número de representacións, integración no conxunto e materiais emplegados na confección do deseño: 6 puntos.”**

**Xustificación:**

Dos elementos locais representativos suixeridos no prego non se teñen en conta (A porta Románica da Igrexa de Bembrive, a fonte principal de Castrelos nin o dolmen da parroquia de Candeán, contemplan na proposta o Petróglifo de Matamá e a lonxa de pescado do Berbés), completando con oito elementos locais representativos da cidade según “criterio da empresa”, incluindo nesta lista a representación “dun aldeano e dunha aldeana” con atuendo tradicional da época como elementos “singulares” da cidade, (non entendéndose como tal).

**Valoración:**

**É valorado con 3 puntos de 6**

**1.5 “Deseño de figuras en movemento, atendendo ao realismo do movemento, en espazo, tempo, forma e vistosidade: 5,5 puntos”**

**Xustificación:**

Este punto axústase o solicitado, propóñense varias pezas en movemento (noría, roda de moer, presas e aceñas no curso do río en movemento).

**Valoración:**

**É valorado con 5,5 puntos de 5,5**

**Quedando así a valoración total da calidad artística-monumental con 18,5 puntos dun total de 29,5.**

Vigo, Luns 14 de Maio de 2018

Rosa M<sup>a</sup> García Martínez

